



ORIENTACIÓNS PRÁCTICAS PARA A PROGRAMACIÓN DAS ARTES ESCÉNICAS NA RÚA

1. Introducción

As artes escénicas son unha arte viva, diversa e esencial na vida cultural das nosas vilas e cidades. A súa presenza na rúa achega emoción, encontro e creatividade, pero tamén require planificación, coidado e respecto polo traballo artístico e polas condicións das persoas que o fan posible.

Nos circuitos culturais de Galicia, e en concreto na Rede Cultural da Deputación da Coruña, hai un elevado número de programacións culturais que se desenvolven na rúa.

Despois de detectar unha serie de incidencias recorrentes ou habituais que moitas compañías de rúa manifestan, o presente documento nace coa vontade de mellorar as condicións de programación, acollida e desenvolvemento das artes escénicas na rúa e en espazos públicos, contribuíndo á dignificación e profesionalización do sector.

Este documento recolle orientacións prácticas para facilitar a programación responsable de espectáculos na rúa e en espazos públicos. Nace da experiencia das compañías galegas e pretende servir de ponte entre artistas e programadores, para que cada actuación sexa unha celebración compartida, segura e profesional.

2. Principios xerais

- **Profesionalidade e dignidade laboral.** Os espectáculos que se programan na rúa, son unha arte escénica que require coidados e condicións específicas; poden estar programados como actividades complementarias doutros eventos, pero é recomendable diferenciarlos dunha animación.
- **Coidado do artista e do público.** As boas condicións técnicas, climáticas e humanas redundan nun mellor resultado artístico e nun público máis satisfeito.
- **Planificación e comunicación.** A coordinación previa, a lectura das fichas técnicas e o contacto fluído entre organización e compañía son imprescindibles.
- **Sustentabilidade e respecto polo espazo público.** O coidado do entorno urbano e natural é parte inseparable do traballo escénico.
- **Educación e sensibilización.** É necesario fomentar o respecto social cara ás artes escénicas na rúa como expresión cultural de calidade.

3. Condicións básicas de programación

3.1. Planificación e comunicación previa

- Antes de programar, ler atentamente o dossier e a ficha técnica da compañía. Cada proposta ten necesidades concretas (espazo, chan, medidas, acceso, luz, son...), e o seu coidado favorecerá o bo desenvolvemento da función.



- Contar cunha persoa de contacto da organización coa que manter comunicación fluída e directa nos días previos á actuación.
- Respetar as fichas técnicas das compañías. Recoméndase incorporar ao contrato un anexo coas necesidades técnicas e loxísticas mínimas.
- Favorecer a anticipación na contratación para garantir unha boa organización.

3.2. Elección e condicións do espazo

- Buscar un espazo de actuación que cumpra cos requisitos da ficha técnica.
- Verificar que o espazo estea limpo, nivelado e libre de obstáculos (cristais, chicles, buratos, excrementos, pedras...).
- Evitar superficies con pendente ou herba que dificulten o movemento ou a instalación de materiais como linóleos ou estruturas.
- Garantir o acceso en vehículo ata a zona de actuación para carga e descarga de material, e que este acceso sexa seguro e cómodo.
- Reservar espazo de aparcadoiro próximo (máx. 5 minutos a pé) para o vehículo da compañía.
- Non programar simultaneamente con actividades incompatíbeis (inchables, concertos, feiras ruidosas, tráfico aberto...).
- Dispoñer unha boa disposición do público, colocando cadeiras e favorecendo a súa colocación segundo as necesidades de cada espectáculo.
- Evitar que o sol impacte nos ollos do público durante a función.
- Evitar, na medida do posible, que o sol impacte nos ollos dos artistas durante a función.

3.3. Horarios e clima

- Evitar horarios de máxima exposición solar ou de temperaturas extremas, tanto durante a representación como nos tempos de montaxe. Estas situacións poden provocar problemas físicos (golpes de calor) e fallos en materiais ou equipos técnicos.
- Dispor de zonas con sombra para público e artistas, ou ofrecer solucións posibles (carpas, lonas, toldos).
- Prever un plan B en caso de chuvia ou vento forte, para evitar cancelacións e permitir o traslado do espectáculo a un lugar cuberto.



- En programación próximas ao solpor, contratar funcións con dotación técnica de luces ou contar con iluminación propia, xa que a iluminación urbana non é suficiente.

3.4. Camaríns

- Facilitar un espazo de camaríns ou vestiario onde a compañía poida cambiarse, maquillarse, descansar e/ou quentar antes da función.

O espazo debe ser digno, cómodo e próximo ao espazo escénico (a menos de 2 minutos a pé), tendo en conta o número de integrantes da compañía e evitando na medida do posible o uso de vestiarios de ximnasio sen adaptación ou o uso da propia furgoneta como camarín.

Condicións mínimas recomendadas:

- Electricidade e boa iluminación.
- Mesa, espello, cadeiras e percheiros.
- Papeleira e acceso a auga potable.
- Aseo e lavabo próximos, con papel hixiénico e auga corrente.
- Auga para a compañía.
- Climatización adecuada.

3.5. Persoa de contacto e acompañamento

- Contar cunha persoa de contacto da organización que reciba á compañía e que coordine accesos, punto de luz, seguridade e relación co público.

É recomendable que permaneza presente desde a chegada da compañía ata a desmontaxe, para responder ante calquera incidencia.

- Contar coa presenza dun técnico ou rexedor durante a función para resolver problemas (corte de luz, invasión do espazo escénico, emerxencias...).

3.6. Seguridade e convivencia

- Os espectáculos na rúa conviven con outras actividades (feiras, concertos, terrazas, tránsito habitual...). É importante evitar solapamentos que provoquen ruído ou distraccións.
- Delimitar claramente o espazo escénico e o lugar do público, garantindo boa visibilidade e seguridade.
- Velar pola seguridade da compañía e do público, evitando a invasión do espazo escénico durante a montaxe, desmontaxe e función.

(*) Hai que ter en conta:

- Nalgúns espectáculos existen estruturas ou escenografías de gran volume e peso, polo que o tránsito polo espazo escénico durante a montaxe ou desmontaxe pode ser perigoso.



- Pode haber espectáculos con actividades de risco (lume, lanzamento ou manipulación de obxectos, acrobacias...), polo que a invasión do espazo escénico pode comprometer a seguridade.

3.7. Público e educación cultural

- Promover entre o público o aprecio polos espectáculos na rúa: son arte escénica profesional, non animación.
- Sensibilizar sobre a importancia do silencio, da atención e do respecto durante a función, evitando que crianzas ou persoas adultas invadan o espazo escénico ou interrompan o espectáculo.
- Fomentar a asistencia de público familiar acompañado, evitando que as crianzas estean soas nos espazos reservados ao público.

3.8. Condicións económicas e administrativas

- Asegurar que as compañías reciban o pagamento das facturas nun prazo razoable e pactado por contrato (ex.: máximo 90 días), segundo a normativa vixente.
- Fomentar que os contratos recollan todas as condicións técnicas e horarias.
- Incluir cláusulas claras sobre cancelación, desprazamento e compensación.

En caso de cancelación ou aprazamento por causas meteorolóxicas sen plan B ou por causas da organización, deberá existir compensación económica.

Exemplo orientativo:

- 100% do caché se a compañía xa se desprazou ou iniciou a montaxe.
- 50% do caché se a cancelación se produce con menos de 24 h.
- 25% do caché se se cancela con menos de 7 días.

(*) A reserva dunha data implica gastos de xestión, contratación de persoal e a perda doutra posible actuación nun espazo que si contase cun plan B.

4. Conclusións

Programar espectáculos na rúa é moito máis que ocupar un espazo público: é achegar cultura a todas as persoas, creando un lugar de encontro e arte compartida.

Cando as condicións son boas, o público desfruta máis, o traballo artístico luce mellor e o espazo público convértese nun escenario de convivencia.

Coidar estes detalles é apostar pola cultura con respecto e profesionalidade.